

PROXECTO VOZ NATURA 2.010 – 2.011

A AUGA, FONTE DE VIDA.

*CEP XESÚS FERRO COUSELO
Cordeiro Valga.*

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

EXPOSICIÓN

ACTIVIDADES

O NOSO PROXECTO NA PRENSA

INTRODUCCIÓN.

Un dos obxectivos do programa Voz Natura é informar á comunidade sobre a necesidade protexer a natureza.

Coñecer e valorar o que nos rodea e o primeiro paso para concienciarnos da necesidade de mantelo e coidar o medioambiente.

EXPOSICIÓN: AUGA, O SANGUE DA TERRA.

Quixemos comezar o noso proxecto Voz Natura cunha chamada de atención sobre a necesidade de coidar, protexer e compartir a auga como ben social necesario para a vida. Queriamos que esta chamada de atención fose dirixida a toda a comunidade educativa. Para dar sinal de saída nada mellor que a exposición itinerante de caixa Galicia auga, o sangue de terra. Nesta mostra ao longo de 42 fotografías do autor madrileño Ezequiel Martínez repásase a importancia da auga para a vida, e o papel fundamental dos cidadáns de todas as idades no seu consumo responsable e a súa conservación. Acompaña a cada instantánea unha breve reflexión en torno á importancia, as veces, esquecida do "líquido elemento". Puxemosnos en marcha e logramos realizar satisfactoriamente as xestións para traela a Valga. Gracias pedro, Marta e Gemma, ...por todo.

Ademais esta actividade permitiunos involucrar ao resto dos centros educativos do concello (CRA de Valga, CEIP de Baño, IES de Valga,...) xa que foron invitados a asistir e a enriquecerse con ela dado que adxunta unha unidade didáctica sobre a auga para realizar os nenos e nenas. Tamén foron invitadas as organizacións cívicas e socias do concello: AXENTIVA, Mulleres ruraris, ...

Evidentemente esta actividade tamén contou coa colaboración do Concello, en forma de préstamo do local e contamos coa asistencia do SR Alcalde para a súa inauguración. Dicar que dende a obra social da caixa Galicia todo foron facilidades e axudas para que a exposición puidese vir ao Auditorio de Ferreiros.

EXPOSICIÓN MEDIOAMBIENTE

auga

o sangue da terra

actívate. achégate. ilusionáte.
caixagalicia

Foto: Manuel Valcárcel, sandur de Godley River, Nueva Zelandia

Do 21 de outubro ao 12 de novembro

Luns a venres:

9.00 a 14.00 horas e 16.00 a 20.00 horas

Visitas guiadas:

5,8,9,10,11 e 12 de novembro de 10.00 a 14.00 horas

📞 981 279 323

Auditorio Municipal de Valga
Cordeiro Ferreirós, 1A - Valga
Pontevedra



XACOBEO 2010
Galicia

OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

www.obrasocialcaixagalicia.es

Na inauguración da exposición ademais das autoridades municipais e de Caixa Galicia, o noso alumnado tivo especial relevancia xa que a iniciativa e as xestións para traer esta marabillosa exposición foron do noso centro.



CONCURSO FOTOGRÁFICO PARA PAIS E NENOS SOBRE A AUGA EN VALGA.



*Unha das actividades coas que quixemos implicar a todos os membros da nosa Comunidade Educativa foi cun concurso de fotografía sobre a auga. Dende o colexio e dentro do programa VOZ NATURA convocamos a tódolos membros da comunidade educativa a participar nun **concurso fotográfico** que tivera como motivo "A AUGA NO NOSO CONCELLO". Este curso o proxecto Voz Natura do centro trata sobre a auga, vista desde todos os aspectos: físico, medioambiental, social,... Quixemos iniciar as nosas actividades invitando e animando a participar a alumnos/as, pais, nais, avós,... a fotografar distintos recunchos do Concello e da Parroquia que teñan algunha relación coa auga. As fotos tamén podían ser montaxes representando momentos da vida nas que a auga sexa un elemento esencial. Enviáronse comunicacións as familias e participación foi moi exitosa. Ao final houbo entrega de premios ás máis representativas.*

A lagoa de Mina Mercé foi un dos lugares máis escollidos polos nenos e nenas para facer as súas fotografías.



Valga, o noso concello, é rico en regatos e ríos que modelan e agariman a súa paisaxe.

A entrega de premios realizouse durante os actos de Nadal e como podedes ver tivemos fotógrafos e fotógrafas moi novos.



DÍA PAZ: CONSTRUCCIÓN DUN POZO SOLIDARIO



A auga é un ben moi prezado, que por sorte na nosa comunidade é abundante. Esta non é nin moito menos a realidade de gran parte do mundo, onde hai lugares nos que para obter unha mínima cantidade de auga que lles permita sobrevivir, as mulleres e os nenos e nenas deben percorrer grandes distancias. Ningún lugar pode desenvolverse se non conta con auga.

Tódolos cursos este centro, como a inmensa maioría dos centros de ensino, celebra o día da Paz como un día solidario (recadacións para o Sahara, Haití,...), posto que a paz ademais da non existencia de conflitos violentos é a necesidade de concienciarse de que todos os seres humanos temos dereito a uns servizos mínimos que nos permitan vivir con dignidade (sanidade, educación, abastecemento de auga,..).

Este curso o día da Paz, entroncando co noso proxecto Voz Natura, queremos dedicalo a reflexionar sobre a carencia de auga no terceiro mundo, especialmente en África e como ás veces cunha pequena axuda por parte dos países desenvolvidos podemos cambiar e mellorar as condicións de vida do demais. Este curso dedicamos o Día da Paz a recadar fondos para a levar a cabo o proxecto de construír un pozo de auga no Sahara. E neste senso ademais de mobilizar ao noso alumnado e familias vamos a tratar de implicar ás institucións públicas e empresas privadas. Que sexa un proxecto de todo o concello!

Comezamos a campaña enviando unha carta de presentación ás familias e logo editamos uns calendarios solidarios para coa súa venta obter fondos para o noso proxecto solidario da auga.



FELIZ ANO 2011



**CEP Xesús Ferro
Cordeiro - Valga**



O traballo de Voz Natura no centro estivo moi presente no noso calendario solidario.

NOVEMBRO 2011

CEP Xesús Ferro Couselo
Cordeiro - Valga

L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

OUTUBRO 2011

L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEP Xesús Ferro Couselo
Belro, s/n - CORDEIRO
36645 Valga (PONTEVEDRA)
Teléfono/Fax: 986 557 759

DECEMBRO 2011

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Este curso unimos o día da Paz e o noso proxecto Voz Natura. Dedicamos ese día a seguir concienciando ao noso alumnado coa necesidade de compartir cos máis desfavorecidos. E sen dúbida unha das maiores escasezas é a falta de auga. Para axudar a paliar esta situación deseñamos unas camisetas solidarias e pedímoslle as familias a súa colaboración.

*Estimados pais e nais: Dende o colexio sempre tratamos de estimular no noso alumnado a solidariedade como un valor necesario para un mundo máis xusto e mellor. Neste curso **o proxecto Voz Natura ten como motivo a auga**. Ese ben que en Galicia parece sobrar e que noutros lugares é tan escaso. Para xunguir estas dúas ideas, e seguindo coa iniciativa comezada cos calendarios, deseñamos unhas camisetas solidarias da auga. **O prezo das camisetas é de 6 €**, e a **recadación irá destinada totalmente á construción dun pozo de auga no Sahara, concretamente no campamento de Dajla (Tinduf)**, para aliviar a situación de aqueles que non teñen case nada, nin mesmo a auga suficiente para poder vivir.*

*Para poder dar saída a esta actividade os alumnos e alumnas levarán para casa dúas camisetas coa intención de que as poidan vender. Por suposto a iniciativa é **ABSOLUTAMENTE VOLUNTARIA** e quen non as poida vender o non desexe facelo só ten que traelas de volta sen máis.*

Como sempre esperamos a vosa comprensión e solidariedade para poder afrontar este reto. Se desexan máis información sobre este particular poden solicitala no centro ou por teléfono en horario de 11,30 a 14,00 horas.

Atentamente

Equipo de Voz Natura.



UNHA XORNADA NO LAVADOIRO.



Unha actividade de gran importancia social relacionada coa auga foron os lavadoiros colectivos. Antigamente a xente cando lavaba a roupa facían nun lavadoiro, normalmente veciñal ou parroquial. Estas instalacións fóronse abandonando coa aparición dos electrodomésticos que realizaban esta función. Aínda algúns se usan para labores moi específicos como lavar mantas, diferentes prendas de gran tamaño, ... Hai que dicir que o noso concello, e os veciños en particular, preocupáronse de manter estes lavadoiros en bo estado. Temos censados uns 13 en todo o concello, dos cales sete están na nosa parroquia. Hai que ter en conta que a parroquia de Cordeiro é a máis poboada de toda as parroquias de Valga. O lavadoiro ademais dun lugar onde se limpaba a roupa, tamén era un lugar social dentro da parroquia. Usado polas mulleres podía ser un substitutivo da taberna dos homes. Alí xuntábase, traballaban, falaban e relacionábanse. Non poucas historias contaríanse, e noutros casos inventaríanse, nos nosos lavadoiros.

Está actividade trata de recrear como era unha xornada na que se lavaba a roupa antigamente. O que hoxe facemos simplemente activando un electrodoméstico antes tiña unha forte compoñente social.



As persoas maiores ensináronlle aos máis pequenos como se lavaba antigamente.



Despois de lavar tendíase a roupa ao sol, ás veces tamén se lle facía un clareo con auga.



CHARLA NO CENTRO CO ALCALDE SOBRE A SITUACIÓN DA AUGA EN VALGA.



Fai uns días o alcalde visitou o noso colexio para contestarnos a unhas preguntas. Díxonos que hai en lugares de Valga nos que non hai auga da traída. Pero teñen un proxecto que se aprobará en 2 meses, para os sitios nos que non a teñan. Falounos de que se podían mellorar o estado dos ríos, aínda que xa fixeron unha limpeza xeral no río Valga. O concello de Valga pide que non se tiren electrodomésticos a os ríos. Tamén teñen un proxecto para crear un laboratorio en Campaña. Valga ten unha depuradora desde fai uns 10 anos. Está situada en Campaña, ao lado do Punto Limpo. En estes momentos estase completando a ruta de sumidoiros. Na xunta, aprobáronse 6.000 € para poñer un sumidoiro desde o Forno ata Senín. Tamén hai algunhas persoas que se dedican a pesca. Agora mesmo teñen un proxecto relacionado ca auga, para a recuperación de unhas Vagonetas. En Valga hai un río que da moita cantidade e moita calidade de anguía. Vaise a crear un circuíto didáctico no ecomuseo. O que se pretende e facer unha visión das cataratas. Ter un coñecemento sobre os muiños, a auga, a pesca deportiva... A auga das fontes fáiselle unha análise con frecuencia. Hai moitas fontes que non son potables, contámanse por moitas cousas. Os regatos as veces teñen moitos nomes. O regato que nós temos o lado do colexio chamámoslle Auga lavada. Especialmente no río Ulla e onde se poden practicar mais actividades. Tamén xogos como o da Anguía.


Texto: Yolanda Mota Romero 6º curso.

LIMPEZA DO REGATO.



O proxecto Voz Natura ten dúas características que o definen e lle dan un sentido moi especial. Unha é que sexa o máis aberto posible á comunidade. Trátase de implicar a todos os sectores nos temas medioambientais. O segundo que incida na mellora dalgún espazo ben dentro do colexio ou no seu entorno.

Intentando xuntar estes dous aspectos básicos do programa Voz Natura este curso pensamos que sería moi importante realizar, cos pais, nais e avós/as, e xunto ao noso alumnado a limpeza da ribeira do regato que hai próximo ao centro. Esta actividade implicaría ás familias na valoración do medioambiente próximo.



O alumnado como sempre mostrou un importante grao de compromiso.



As botellas foron un dos obxectos máis atopados entre o lixo

O regato pasa por unha zona de difícil acceso, aínda así non foi impedimento para a nosa brigada de limpeza.



Coma sempre as familias participaron nas actividades propostas mediambientais propostas polo centro.



Para poder levar a cabo esta actividade contamos coa colaboración do Concello. Primeiro levando a cabo un primeiro desbroce xeral (levábase tempo sen pasar polo lugar e había moitas ramas e vexetación abundante).

Unha vez desbrozado o lugar realizamos a limpeza contando coa axuda de pais, nais, avós e avoas. Topamos moito lixo tirado no río, máis do que nun principio pensabamos atopar. A conciencia cívica aínda non está profundamente arraigada na nosa sociedade por iso iniciativas como Voz Natura son tan importantes. Tamén hai que dicir que son os menos os que fan este tipo de actuacións incívicas, pero as súas actuacións prexudican e molestan a todos.



No regato atopamos cousas do máis variado.



Pouco a pouco a montaña de lixo foi crescendo: botellas, neumáticos, botes, latas, tubarias, ...



As nosas avoas son incombustibles, así dá gusto traballar....

XORNADA DA CIENCIA E A AUGA.



Os filósofos gregos crían que todo estaba formado a partir de catro elementos: o lume, o aire, a terra e a auga. O lume, que poderíamos identificar como a enerxía calorífica presente nas combustións e na maioría das reaccións químicas. O aire, elemento básico da vida do noso planeta, do cal obtemos o osíxeno a maioría dos animais e as plantas. A terra, o lugar sobre o que nos sustentamos, da que extraen as substancias nutritivas as plantas autótrofas para producir o seu alimento e a auga. A auga é un elemento básico do noso planeta, tanto é así que o noso planeta é o que é porque ten auga. Cando os científicos estudan outros planetas e se formulan a posibilidade de que poida existir vida neles o primeiro que buscan é auga. Vimos ata agora neste traballo o consumo de auga, o uso que realizan as familias sobre a auga, como estudamos no currículo escolar a auga e como a auga forma e modela a nosa paisaxe. Agora tratábase de que os nenos pensen como é a auga, como é ese elemento disolvente universal, que é o formador das nubes e responsable polo tanto da auga que cae nas precipitacións. Que compoñentes ten, de propiedades a caracterizan. Nunha palabra é a hora da ciencia e a auga.

Preparamos durante case un mes a xornada da ciencia e a auga. Os alumnos acompañáronnos nas tardes buscando a través de Internet diferentes experimentos que poderíamos facer con carácter científico e que tivesen como elemento principal a auga. Exploramos na rede buscando experiencias que nos posibilitasen que o noso alumnado coñecese dunha forma doada e práctica como é a auga.

Unha vez recompiladas as actividades que pensabamos facer comezamos a preparación da nosa xornada de ciencia.

O lugar no que iamos desenvolver toda a experiencia sería o patio dianteiro do centro. Esta ía ser unha actividade aberta a toda a comunidade educativa así que decidimos dar tres pases: Primeiro ás 10,30 para as familias, ás 12,00 para o alumnado do colexio de Baño e por último un ás 13,00 horas para o noso alumnado.




A asistencia por parte das familias a convocatoria do centro para asistir ás xornadas da ciencia foi todo un éxito. Dúas alumnas de 6º curso recibían ao país, nais, avós e avoas, na entrada do colexio e lle explicaban brevemente o que ían a ver.





Por medio da **electrólise** separamos os dous elementos que forman a auga: o hidróxeno e o osíxeno. Esta actividade suscitou moita curiosidade entre todos os asistentes.






Todo está preparado. Comezamos a experimentar.




A expectación era máxima tanto nas familias como no alumnado.




Experimento sobre a densidade da auga. En principio o ovo non flota, pero ao botar sal na auga, esta aumenta a súa densidade e fai que o ovo flote





Experimento sobre a refracción da luz: o alumnado observa a moeda que hai no recipiente e afastase ata deixar de vela. Vertemos auga sobre o recipiente e a moeda de novo volve a verse.





Experimento sobre a circulación dos fluídos: na botella superior temos auga e na inferior aire. Á auga cústalle baixar pola presión do aire. Ao remover a botella logramos que se cre un “remuíño” que faga que o aire desprácese polo centro e a auga polos lados, facendo que circule moito máis rápido.



A AGULLA FLOTA.


Experimento sobre a tensión da auga: verquemos auga nunha copa e na súa superficie con moito coidado colocamos unha agulla. Observaremos que esta non se afunde senón que flota sobre a superficie da auga. Isto débese a que a auga ten tensión superficial. Se nesa mesma copa de auga introducimos unha gota de xabón desaparecerá a tensión e caerá a agulla.



A AUGA QUE NON CAE

Experimento sobre a presión atmosférica: enchemos unha botella de auga e na boca colocamos un plástico. Xiramos 180° a botella e observamos que a auga non cae. Mesmo se miramos o plástico veremos que introduciuse un pouco cara á botella. Isto é debido a que a presión atmosférica é superior á presión hidrostática que está a exercer a auga.





A copa de Arquímedes: o sabio grego Arquímedes confecciono esta copa segundo conta a lenda a petición do seu rei. Este estaba preocupado porque os seus convidados bebían demasiado viño. Se botamos unha cantidade moderada de viño, este queda na copa, e podemos bebelo tranquilamente. Pero se nos excedemos e botamos demais perdémolo todo: a copa baléirase.






Experimento sobre a diferenza de presión: colocamos unha candea acendida nun prato onde haxa auga. Tapamos a candea cun vaso de tubo e cando a candea se apague ao consumir o osíxeno observaremos que a auga que no prato empeza a introducirse dentro do vaso facendo que suba de nivel.





Experimentos sobre o poder de absorción calorífica da auga: colocamos auga nun globo e aplicámoslle unha lapa, observaremos que o globo non explota. Isto é debido a que a auga está a absorber a calor que lle estamos a aplicar






Experimentos sobre a tensión da auga:


enchemos unha copa con auga ata o bordo, de forma que non entre unha gota máis. Iremos introducindo alfinetes pouco a pouco e observaremos que podemos colocar unha grande cantidade deles






Experimentos sobre as moléculas da auga: nunha probeta colocamos unha cantidade de auga e noutra unha cantidade igual de alcohol. Verquemos ambas as dúas cantidades nunha terceira probeta. O lóxico sería que alcanzase dobre do nivel do que tiñan cada unha das probetas. Cando comprobamos vemos que non é así. A explicación é que as moléculas de alcohol se introducen entre as moléculas de auga ocupando parte do espazo que hai entre elas. O mesmo experimento podémolo facer con garavanzos e arroz.





O experimento sobre as moléculas da auga: nun vaso con auga verquemos unhas gotas de colorante. Ao pouco anaco observamos como van debuxando figuras asimétricas dentro da auga. Isto é debido a que o colorante se está a introducir entre as moléculas de auga que están sumamente desordenadas facendo as figuras que vemos





Os alumnos e alumnas do colexio CEIP de Baño estiveron moi atentos e interesados en todos os experimentos e nas súas explicacións.





O ciclo da auga: colocamos un recipiente ao que se lle aplica calor, producindo vapor de auga. A uns centímetros do recipiente colocamos unha bandexa que arrefriamos con xeo. O que observamos é que o vapor ao tocar coa bandexa fría vai compensándose en gotas de auga que van de novo caendo sobre o recipiente. A natureza realice este ciclo constantemente

A FONTE DE HERÓN.

A fonte de Herón: A fonte funciona porque ao caer a auga sobre a botella que ten aire, fai que este se desprace cara á botella que ten auga e a presión que exerce consegue que a auga ascenda




CHARLA SOBRE A AUGA.



O venres 15 de abril ás 20,00 horas no Auditorio de Ferreirós tivemos un acto de peche do proxecto Voz Natura deste curso. Neste acto falaram José Antonio Díaz Núñez, representante do Comité Científico de Voz Natura, que nos expuxo porque Voz Natura había escollido a auga como motivo central desta edición, Carmiña Alborés, representante de “Manos Unidas”, que nos falou da situación que vive o terceiro mundo con respecto á escaseza e de4ficiencia da auga, Mohamed , representante da sociedade de Solidariedade co Pobo Saharauí, que nos marabillou coas súas experiencias de pequeno na escola na que lle falaban de ríos que el non podía nin imaxinar e José María Bello Maneiro, Alcalde de Valga que nos ilustrou sobre a situación da auga no noso concello. Ademais tivemos ocasión de ver algunhas das actuacións deste centro no proxecto Voz Natura deste curso.



O NOSO CONCELLO É RICO EN ACUÍFEROS.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Os Ríos.

O concello de Valga atópase na ribeira do río Ulla, na zona da súa desembocadura. Este río é o segundo máis importante de Galicia pola superficie da súa conca e o terceiro máis longo da Comunidade Autónoma. O río Ulla está vinculado a historia de Galicia dunha maneira absoluta. Son varios os achados da idade do bronce atopados ao dragar o río Ulla.



Espada Idade do Bronce, s. X a.C.
Dragada do río Ulla
(fonte Museo de Pontevedra)

Durante a romanización polas súas ribeiras avanzaba a vía de comunicación máis importante da zona Per loca marítima, que unía Braga e Lugo.

O río Ulla foi o lugar por onde a tradición di que chegaron os restos do Apóstolo Santiago.

Pero tamén foi o lugar principal de penetración das invasións viquingas en busca dos tesouros da catedral.



No seu tramo final, o río Ulla forma unha ampla enseada con zonas de marisma e arboredo de ribeira que pouco a pouco se vai abrindo nunha das máis extensas, ricas e ecoloxicamente diversas das rías galegas..

A transición entre o río Ulla e a ría de Arousa realízase lentamente a través dunha ampla chaira aluvial, entre bancos de area denominados aquí "os Lombos do Ulla", lugar de extraordinaria importancia pesqueira e marisqueira, marismas, xuncais, carrizas e amplas áreas de vexetación palustre. A miúdo a canle fluvial divídese pola emerxencia dos depósitos areentos dando lugar a illas permanentes.

A coincidencia das augas doce e salgadas ofrece a posibilidade de seguir a transición entre un tipo de vexetación adaptada a distintos tipos de gradación salina. Onde a salinidade é mais acusada xorden Espartinas, salicornias ou xuncos, mentres que augas arriba desenvólvese un dos carrizais de Phragmites máis extensos e representativos de Galicia. Bordeando ao carrizal establécese un riquísimo bosque de ribeira formado por ameneiros, salgueiros, freixos, carballos, estripos, abeleiras... A vexetación palustre é verdadeiramente variada; iris, espadañas, ranúnculos, droseras ou fento real conforman unha pequena parte da abundante flora deste terreo.





Os corvos mariños e as gaivotas ascenden a miúdo polo río Ulla ata Pontecesures ou Padrón, pero é quizais a avifauna típica das zonas húmidas a máis representativa: rascón, pato real, pola de auga, focha, becacina, garza real, garza branca. Entre as rapazas, a máis abundante o rateiro xunto a azor e gabián. Decenas doutras aves e paxaros como gaio, pega, chochín, lavandeira cascadeña, merlo acuático, picapeixe, carricero, curruca capirotada, etc. conforman todo un paraíso para os afeccionados á ornitología. Por suposto anfibios como tritóns, píntegas, sapos e ras así como cobras de auga completan este variadísimo mosaico faunístico da desembocadura do Ulla.



O río nesta zona é navegable, o que deu unhas posibilidades importantes na pesca e no transporte fluvial, pero tamén foi fonte de problemas. Ata fai poucos anos unha das

actividades económicas máis importantes que se desenvolvían neste río era a extracción de area. Os barcos areiros dragaban o río, modificando as condicións de vida da flora e fauna. Esta actividade que foi probablemente a que máis prexudicou a este río foi prohibida hai varios anos, aínda que os efectos negativos perdurarán para sempre.

Tamén hai que ter en conta que as beiras do río se desenvolven actividades económicas industriais, algo que debe ser moi tido en conta polas autoridades á hora de manter o caudal do río nas perfectas condicións. .

Actualmente tamén se desenvolven actividades lúdicas na beira do Ulla ao seu paso por Valga como a Praia da Telleira



O río Valga é un afluente do río Ulla, por a marxe esquerda, e nace na parroquia Barcalade, concello de A Estrada, pasando polas parroquias de Valga, Xanza e Setecoros, no concello de Valga, no que desemboca no río mencionado, na transición xa coa ría de Arosa.





As Fervenzas do río Valga é unha paraxe situada no curso alto do río Valga onde a orografía obriga ó río a salvar desniveis dando orixe a dúas fermosas fervenzas: A Fervenza Grande e A Fervenza Pequena

O bosque de ribeira, neste entorno, alcanza o máximo esplendor: freixos, ameneiros, bidueiros, salgueiros, espiños... ata catorce especies arbóreas distintas constrúen o bosque en galería que alberga a todo un cortexo de arbustos, plantas herbáceas, feitos e un tapiz briófitico espectacular na época invernal



O río Louro, que tamén é un afluente do Ulla, da nome a nosa parroquia: Santa Columba de Louro (máis coñecida como Cordeiro).

Augas estancas

Mina da Mercé tamén coñecida como a Lagoa de Santa Cristina ou “a charca” ten a súa orixe na explotación a ceo aberto de material fino con destino a fabricación de ladrillo. Ocupa unha masa de auga de 3,5Ha., quizais a máis extensa da provincia de Pontevedra.

Tras a súa explotación, esta lagoa artificial foi colonizada por plantas e animais propios de ambientes palustres, reconverténdose de xeito natura nun humedal.

Na actualidade, “a charca” é un exemplo de impacto ambiental reconvertido nun ecosistema de interese ecolóxico, susceptible de protección.

Moi preto, atópase unha explotación en activo, onde se pode observar a orixe da actual charca.



Fontes



Neste proxecto tamén fixemos un censo das fontes máis importantes que hai no Concello. Para iso solicitamos información ao propio Concello que nos brindou os datos das 36 fontes principais coas que contan as cinco parroquias de Valga. Observamos que a nosa, a parroquia de Cordeiro é a que conta cun maior número de fontes, atopándose entre unha altitude mínima de 9 m e unha altitude máxima de 128 metros sobre o nivel do mar. O que chama profundamente a atención é a grande proporción de fontes de auga non potable. Sen dúbida moitas poden ser as causas que fixeran que estas fontes que con toda probabilidade no seu momento foron potables non señán válidas para o consumo humano. Unha vez máis queremos incidir nun dos problemas máis graves que se poden formular coa auga, a contaminación dos acuíferos subterráneos. Polo uso excesivo de pesticidas, polo abandono de obxectos de diferente índole no monte, polo pouco coidado que damos ás nosas augas podemos atoparnos con que os acuíferos subterráneos se contaminen, algo que é absolutamente irresoluble.



Aproveitamentos das augas.

Un muíño de auga.

A auga, ademais de ser necesaria para o consumo tamén foi aproveitada polos homes como fonte de enerxía para realizar diferentes traballos. Un dos usos máis frecuentes foi o dos muíños de auga. Antigamente o muíño ademais de ser lugar onde se convertía o gran en fariña, tamén era un lugar social onde a xente se xuntaba, conversaba e moceaba. Actualmente a inmensa maioría dos muíños están totalmente abandonados, mesmo é difícil chegar a eles porque a vexetación os oculta. O censo de muíños de auga no concello foi feito no ano 2001, aproveitamos estes datos para facer un pequeno resumo. No concello están rexistrados un total de 70 muíños de características diferentes. Só un o de Parafita está perfectamente restaurado e úsase para moer o trigo durante as actividades do ciclo do trigo. A maioría dos muíños do concello de Valga eran de propiedade veciñal, se ben hai un número importante de propiedade particular. A maioría atópanse nas marxes do río Valga, un río con fortes declives que propicia este tipo de instalacións. O río Louro tamén ten un número importante de muíños. Hai outros en pequenos regatos. Unha maioría destes muíños foron abandonadas en uso hai uns 30 anos. A maioría son de canle, se ben tamén hai bastantes de cubo. Está claro que para un concello pequeno restaurar todos estes muíños é unha tarefa moi difícil. Pero sería importante conservar os máis destacados.





Muíño de Parafita no río Valga.



OUTROS PROXECTOS VOZ NATURA.



Ademais do proxecto sobre a auga, seguimos mantendo os espazos Voz Natura dos anteriores proxectos. Neste curso as nais e avoas do alumnado seguiron participaron directamente no mantemento de horto escolar. A proposta do equipo de profesores de Voz Natura integráronse

voluntariamente xa fai un par de anos e pouco a pouco foron tomando as rendas do traballo tanto de preparación coma de plantación cos alumnos e alumnas. O horto xamais tivo aspecto tan esplendoroso.





Tampouco descoidamos o paseo dos aromas nin o paso ás camelias. Tamén ha que contamos coa axuda das familias. Ademais, como todos os anos o concello se preocupou de limpar o noso pequeno bosque e os lugares de difícil acceso.

Todo isto sen esquecer seguir reciclando. Este xa é un hábito que está perfectamente asentado a poboación escolar. Só debemos de preocuparnos por mantelo e por perfeccionalo naqueles aspectos onde poida haber pequenos déficit.



Ao igual que pasou coa reciclaxe, esperamos que o traballo sobre a auga teña unha proxección dos fogares do noso alumnado. Os proxectos voz natura non tería sentido se o noso alumnado non levase os hábitos de comportamento aos seus fogares.

O NOSO PROXECTO NA PRENSA

Varios son os medios que recolleron as actividades Voz Natura no noso centro, pero coma sempre hai que destacar a labor de La Voz de Galicia, sempre disposta a dar canle de comunicación as nosas actividades.

La Voz de Arousa

EL PALOMAR

La conciencia ecológica de Valga

VOZ NATURA
www.voznatura.es

MARÍA SANTALLA
redac.arousa@lavoz.es

1 No es la primera vez que los alumnos del colegio Ferro Couselo comparten interesantes experiencias con sus mayores. Lo hicieron ya el curso pasado y lo han vuelto a hacer este año en varias ocasiones. En este centro educativo del municipio de Valga tienen claro que el mejor aprendizaje es el que da el paso del tiempo, así que en cuanto pueden aprovechan los conocimientos de los adultos del lugar. Este año han ido con ellos a lavar a un lavadero y ayer salieron también con ellos a limpiar un regato que discurre cerca del recinto.

Estudiando el agua

Este año ha sido el agua el tema central del proyecto ambiental que han desarrollado dentro del programa Voz Natura, que impulsa la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Relacionado con ello han programado un sinnúmero de actividades que han puesto en marcha a lo largo de los últimos meses. La última de ellas les llevó a las inmediaciones de ese riachuelo vecino, donde pudieron comprobar que, si bien ellos se comportan de una manera muy respetuosa con el medio ambiente, continúa habiendo gente carente de cualquier conciencia ambiental.

Mucha basura

2 Efectivamente, durante su salida de campo los alumnos del centro recogieron un buen volumen de residuos que habían sido abandonados cerca de ese curso de agua. Bien pertrechados con sus guantes, y acompañados de algunos mayores, los chicos recogieron toda la porquería que encontraron a su paso.

Más propuestas

Pero la de ayer no fue la única actividad que realizaron los alumnos de Valga, que también entrevistaron a su alcalde, José María Bello Maneiro, sobre temas relacionados con el agua, y que recaudan fondos para un pozo en el Sáhara.

Los alumnos del colegio Ferro Couselo salieron con sus mayores a limpiar un regato. **MÓNICA IRAGO**

Vestidos con guantes, los chicos recogieron un buen volumen de residuos durante la mañana. **M. IRAGO**




La Voz de Arousa

DOMINGO 13
DE FEBRERO
DEL 2011

EL PALOMAR

Lo mucho que se aprende al pie del lavadero

MARÍA SANTALLA
redac.arousa@lavoz.es

VOZ NATURA

www.voznatura.es

1 Estaba previsto que lo hiciesen el miércoles, pero la lluvia obligó a los alumnos del colegio Ferro Couselo de Valga a esperar al jueves para acudir al lavadero de Vilar y participar en una interesante y entretenida actividad. De camino, parada en el auditorio para recoger a las señoras mayores del centro de día. Nadie mejor que ellas para enseñar a los niños cómo se lavaba antiguamente, así que todos juntos se dispusieron a ello.



Las mujeres de Valga enseñaron a los niños a lavar. MÓNICA IRAGO



Los escolares aprendieron que hay que remojar la ropa a clareo.

Difícil pero ameno

2 Las mujeres, Mercedes, Herminia, Ermitas y Lola, llegaron con los recipientes —se llaman sellas, aprendieron los más jóvenes— sobre la cabeza, protegida esta con un trapo, tal como aprendieron a hacer en su juventud. Y allí mostraron a los niños cómo se lavaba antiguamente: refregar con jabón y contra la piedra, el clareo, el remojo de las piezas y el tendido. Los chiquillos colaboraron de buena gana con todas estas actividades, pensadas para que valoren la dificultad que tenía lavar la ropa no hace tantos años, cuando todavía no había lavadoras, pero también para que conozcan lo divertidas que resultaban estas tareas que solían realizarse en grupo. Para animar todavía más la mañana, niños y mayores tiraron de panderetas y canciones.



Niños y mayores vistieron la indumentaria adecuada para recordar viejos tiempos. MÓNICA IRAGO

Un pozo para el Sáhara

3 Esta actividad se incluía dentro del programa ambiental Voz Natura, impulsado por la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, en el que participa desde hace años el colegio Ferro Couselo. Además colaboraron con la iniciativa el Concello, la asociación de mujeres Axentiva y las mujeres rurales Albor. Pero no es esta la única iniciativa que dentro del programa Voz Natura desarrolla el centro educativo de Valga, que este año hace un especial énfasis en el conocimiento del agua y la concienciación sobre su consumo responsable. Además de cuidar la charca que el año pasado crearon en el patio del colegio, el proyecto en el que este año han puesto un especial empeño consiste en la organización de varias propuestas encaminadas a recaudar fondos para construir un pozo en el Sáhara.

É xusto o que tí queres

O que queres

PARA TÍ...

Produtos de artesanía, alimentación, textil e bisutería de alta calidade, a prezos máis que razoables



...e o que queres

PARA ELES E ELAS

Condicións laborais xustas, salarios dignos, garantía de non discriminación e de non traballo infantil



Tenda de Comercio Xusto de
Solidariedade Internacional de Galicia

Galerías da Oliva local 4
(Entrada por Rúa Xeneral
Gutierrez Mellado)
Telf. 986 85 59 64

www.solidaridadgalicia.org

tenda.pontevedra@solidaridadgalicia.org



Colabora:
La Voz de Galicia

Produtos de calidade para tí, mellores condicións de vida para os produtores e produtoras... ¡ESO É COMERCIO XUSTO!

L4 | AROUSA | Viernes, 18 de marzo del 2011 | L



Bello Maneiro ocupó por un día la mesa del profesor. MÓNICA IRAGO

Los niños del Ferro Couselo, de Valga, entrevistan a su alcalde

VOZ NATURA

www.voznatura.es

MARÍA SANTALLA
VILAGARCÍA / LA VOZ

El agua es el tema central del programa Voz Natura de este año y en el colegio Ferro Couselo de Valga han puesto en marcha varios proyectos relacionados con ello. El último de ellos está vinculado con otro empeño de este centro educativo: el de que los escolares conozcan su entorno para aprender a respetarlo y, en el futuro, ayudar a mejorarlo.

Y como pocas personas hay que conozcan mejor los municipios que sus alcaldes, el colegio pidió al regidor valgués, José María Bello Maneiro, que acudiese al centro para dejarse entrevistar por los alumnos. Ayer fue la cita. A las diez de la mañana Bello estaba en el colegio de Cordeiro para participar en esta charla con los niños de sexto curso.

El tema central, por supuesto, el agua. El alcalde respondió a las preguntas de los alumnos, que se interesaron por la traída y la depuración del agua y también por las fuentes y los ríos.

Durante ese interesante intercambio se habló también de

la riqueza piscícola de Valga y de las actividades relacionadas con ello, como es la captura de la anguila, que se traduce en una fiesta gastronómica a finales de agosto.

El Ecomuseo es otra de las iniciativas de este municipio de Baixo Ulla en la que el agua está muy presente. No hay que olvidar que algunos de los parajes que incluye, como las Ferrenzas de Parafita, Mina Mercedes o la playa fluvial de Vilarello, dependen directamente del agua.

También se trataron algunos problemas que todavía existen. El alcalde, por ejemplo, reconoció que en las zonas altas del municipio aún hay problemas de suministro durante el verano, un problema que espera solucionar próximamente. Bello Maneiro les habló de algunos proyectos que quiere impulsar y también recordó las utilidades que el río tenía en el pasado y los cambios con respecto a la actualidad.

Al final de la visita, los alumnos de sexto le entregaron al alcalde un calendario y un recuerdo de la campaña de ayuda al Sáhara en la que están participando. Por su parte, el regidor animó a los escolares a prepararse para el futuro y les habló de lo importante que es su formación.

viernes, 4 de abril del 2011 | La Voz de Galicia

Los niños de Voz Natura aúnan esfuerzos por la conservación y defensa ambiental

en países como Burkina Faso, Camerún o Filipinas



Niños saharauis visitan las comarcas de Caldas y O Salnés (en la imagen, en Cambados). MARTINA MISER

La ayuda de Valga llegará hasta los campamentos saharauis de Dajla

REDACCIÓN / LA VOZ

El programa Vacaciones en Paz hace posible que los niños que viven en los campamentos de refugiados de Tinduf (Argelia) pasen el verano alejados del desierto, acogidos por familias. Una de las localidades que acoge a estos pequeños es Valga, en Pontevedra, donde se encuentra el colegio Ferro Couselo, que este curso quiere ir un paso más allá.

«Este ano, ademais dos proxectos de reciclaxe, limpeza do río ou reforestacións, quixemos darlle unha dimensión solidaria a Voz Natura», indica Francisco J. Sánchez, coordinador del proyecto en el centro. Con esa intención, están recaudando fondos para construir un pozo en el campamento de Dajla, de donde llegan sus visitantes estivales. Han vendido calendarios y camisetas y solicitado

apoyo a las empresas de la zona. Su trabajo es especialmente valorado desde la asociación que desarrolla en Galicia el programa Vacaciones en Paz, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, y por su presidenta, Maite Isla: «A iniciativa parécese extraordinaria, sobre todo, porque é unha forma de dicirlle aos pequenos o valor que teñen a auga, xa que aquí non somos conscientes».



Las mujeres llegaron con sus bañeras sobre los "molinos" de la cabeza. // Itaki Abella

Recuperar el interés etnográfico de la colada

En el colegio se aprende a lavar una pieza de ropa como antaño

MANUEL MÉNDEZ • Valga

Los mandos de la wii descansaban en el salón de casa y las aulas del colegio Xesús Ferro Couselo se quedaban vacías. La cita ayer no estaba en el último capítulo de Phineas y Ferb, ni siquiera en la más dura batalla de los Gormiti. "los señores de la naturaleza". Ayer todas las miradas apuntaban al lavadero público de Vilariño, en el Concello de Valga.

Es una de esas antiguas construcciones a las que siguen acudiendo algunas personas en diferentes aldeas, pero que antaño reunían a prácticamente todo el pueblo, en cualquier parte del rural de Galicia. Se lavaba la ropa y se ponía a secar, pero también se contaban los chismes del día, se cantaba y, en definitiva, lo que era un trabajo se convertía a veces en una cita social que muchos esperaban con ansiedad, al igual que la molinada o aquellas tardes en las que se reunían los lugareños para plantar las patatas, para sembrar el niaíz o para asistir a la "malha" del trigo y otros cereales.

Lo que se hizo ayer en Valga



Una niña participante, vestida con ropas de otra época. // I.A.

fue mostrar a los niños de hoy en día cómo se vivía antaño. Ataviados con ropas típicas, los pequeños escucharon atentamente las explicaciones que les daban los abuelos.

Unos y otros compartieron canciones, música de pandereta y, sobre todo, el lavado de diver-

sas prendas de ropa, que después se colocaron a secar o a clarear, también como se hacía cuando aún nadie podía imaginarse que se iba a inventar algo parecido a una lavadora.

Así las cosas, los niños del colegio Xesús Ferro Couselo pudieron aprender a lavar y retorcer la ropa, la pusieron a clarear y la extendieron, hicieron sonar las panderetas, cantaron, aplaudieron, rieron, escucharon historias y aprendieron para qué servían las bañeras de cinc, las ragaderas o aquellos espacios que se reservaban en los propios lavaderos para garantizar la existencia de agua completamente limpia que se utilizaba para dar de beber a los animales o incluso para hacer de comer en casa y para el aseo personal.

Antiguamente los viajes cubos entre el lavadero y el hogar eran constantes, pues al lado de aquellos espacios comunales de lavado en los que retozaban los niños solía haber, también, una fuente, un lugar para el tendedo de la ropa, un trozo de te-

→ PASA A LA PÁGINA SIGUIENTE



Las valguesas de mayor edad mostraron a los niños cómo se lavaba antaño.



Los estudiantes del colegio Xesús Ferro Couselo pusieron todo su empeño. // Itaki Abella



Los mayores ilustraron a los más pequeños. // Itaki Abella

FARO DE VIGO
VIERNES, 11 DE FEBRERO DE 2011

AROUSA • 19

Valga explota la escuela de la vida • *Un legado patrimonial y cultural en los viejos lavaderos*

Con las bañeras a la cabeza mientras suenan las panderetas

—> VIENE DE LA PÁGINA ANTERIOR

rreno en el que conversar y olvidar las penas...

Las mujeres explicaron a los niños de Valga que, cuando las lavadoras no existían, y tampoco las secadoras, había que levantarse muy temprano para coger sitio y poder hacer la colada. Les dijeron, también, que las prendas se transportaban en bañeras que las mujeres portaban en la cabeza, sujetándolas y protegiéndose solo con un trozo de tela enroscado que se conocía como "molido".

No todo está en los libros

Los niños de Valga, en definitiva, pudieron ver cómo era la vida en el rural hace más de un siglo, y al hacer esto también pudieron aprender que no todo lo que se aprende está en los libros, como tampoco toda la diversión está en la tele.

Los lavaderos públicos gozan de valores sociológicos y etnográficos. En torno a estas construcciones se propiciaron todo tipo de manifestaciones culturales y se trazó buena parte de la historia de localidades como la valguesa. Eso es lo que este Concello quiere transmitir a sus niños con experiencias como la realizada ayer, en la que juegan un papel trascendental las personas mayores de la asociación Axenitiva y las integrantes de Mulleres Rurais Albor.

Fueron ellos, los vecinos de mayor edad y las mujeres de Valga, los que suplieron por un día a los profesores del colegio, tal y como se hace cuando se organiza la fiesta de la siembra del trigo, cuando se reúne a niños y mayores para segarlo o cuando se desarrolla la "malla", que es el método tradicional de separación del grano de la paja.

Este tipo de reuniones y vivencias intergeneracionales también se llevan a cabo para amasar el pan y, en definitiva, se trata de una escuela de la vida con carácter permanente que el municipio valgués sabe explotar a la perfección.

El gobierno local, presidido por el conservador José María Bello Maneiro, ha encontrado en el proyecto "Lembranzas" un formidable vínculo de comunicación entre los mayores y los más pequeños de la localidad. Y seguro que muchos de estos niños, por no decir todos, prefieren disfrutar de una jornada de aprendizaje y fiesta como la de ayer antes de pasar un par de horas a vueltas con el Súper Mario de Nintendo o enganchados en las redes sociales de Internet.



Una de las "maestras" pone la ropa a secar. // Iñaki Abella



Los niños colaboraron, observaron, cantaron y tocaron la pandereta. // Iñaki Abella



ULLA-UMIA

Diario de Arousa. Viernes, 11 de febrero de 2011 21

RECUPERACIÓN DEL PATRIMONIO INMATERIAL DE VALGA




Herminia, Ermitas, Mercedes y Lola fueron las cuatro mujeres que enseñaron a los niños cómo se lavaba antaño en los pilones.



GONZALO SALGADO



Los escolares pudieron ver algunos de los utensilios propios de la tarea y conocer tradiciones como la de "clarear" la ropa.



GONZALO SALGADO

Vanche vir agora os nenos", le advertía un joven de Vilar a una vecina que, a media mañana, lavaba y frotaba la ropa en el lavadero del lugar. A pesar del paso de los años y de la existencia de una lavadora en prácticamente todas las casas, el de pilón de Vilar sigue en uso y es uno de los mejor conservados de la parroquia de Cordeiro. Por eso fue el elegido para la actividad "Historias do lavadoiro", que ayer llevó hasta la zona a treinta y cinco escolares de 2º y 3º cursos de Primaria del colegio Xesús Ferro Couselo, que colaboró en esta iniciativa con el Concello, la OMI, el Auditorio, la asociación de mayores "Axentiva" y las Mulleres Rurais de "Albor".

Herminia, Mercedes, Ermitas y Lola, todas vecinas de Xanza, fueron las maestras de excepción para los niños, a los que les explicaron cómo se lavaba antaño. "Había que coller sitio" en el lavadero y, a veces, tocaba hacer cola para poder enjabonar, frotar, retorcer y poner la ropa a clareo "para que quedara branquiña". Esto último se hacía en los campos y, para que las prendas no se secaran, siempre había a mano una regadera para mojarlas. Para terminar había que

"As nenas de Vilarello quedan no río, quedan lavando..."

REPORTAJE DE M. ANGUIRA

El lavadero de Vilar volvió por un día a los viejos tiempos: lleno a rebosar y con plena actividad. Eran los alumnos del colegio Xesús Ferro Couselo, que tuvieron como maestras a Mercedes, Ermitas, Herminia y Lola, cuatro mujeres de Xanza que les explicaron cómo se lavaba la ropa antiguamente y algunas de las historias que surgían alrededor de los lavaderos, en los que los cánticos y chismes ayudaban a animar la tarea.

extender, pero tampoco se hacía como ahora. "Non había cordeis, así que a roupa estendiase polas silveiras". Y todo esto con las mujeres como protagonistas, que eran las que sudaban la gota gorda para dejar la ropa reluciente, aunque en ocasiones no fuera sencillo: "Os homes quitaban os calzoncillos aos oito días, imaxina como estarían... ¡Tiñan moito óxido!", explicaba entre risas una de las "lavandeiras".

Los viajes al pilón y a las fuentes eran constantes y, en estas idas y venidas, las mujeres llevaban so-

bre la cabeza bañeras de cinz llenas de ropa o la "seila", en la que se llenaba agua para hacer la comida, para asearse, beber —por que "non había grifos nas casas"— y para darles a los animales. Todos estos recipientes, que ayer no faltaron en Vilar, los cargaban sobre la cabeza, apoyados en el "molido", que podía ser de distintos materiales. Pepe "O Rato", que no faltó a la cita y contó a los escolares viejas historias relacionadas con los lavaderos, mostró uno de estos "moldos", hecho con paño, que perteneció a su abuela y que

tiene más de ciento cincuenta años de antigüedad.

Los escolares se animaron a imitar a los mayores ante la mirada de algunos vecinos, que no quisieron perderse la estampa y se acercaron hasta el lavadero para presenciar la actividad, enmarcada dentro del proyecto "Lembranzas" de recuperación del patrimonio cultural inmaterial de Valga. Hay que decir que los estereotipos de género no parece que se hayan olvidado, y fueron las niñas las que más empeño pusieron a la hora de enjabonar y lavar. Entre los

chicos triunfaba aquello de "el frotar se va a acabar" y preferían observar y divertirse gastando bromas con el agua. Aunque al final Anxo rompió el hielo, echó mano del jabón y se mojó las manos. Los siguieron Brais y algún que otro niño que se animó a remorar esta tarea tan tradicional.

Pero no todo iba a ser trabajar. También hubo tiempo para el humor y para recordar algunas de las historias y curiosidades que surgían en los lavaderos. "Contádelles aos nenos o que cantabades", pedía a las "lavandeiras" Begoña Piñeiro, responsable del Auditorio. "Más que cantar, o que facíamos era criticar", le respondían. Aunque las coplas nunca faltaban, para aligerar un poco la dureza de la tarea. Ayer también hubo animación, que llegó con un grupo de alumnas del Ferro Couselo y sus panderetas, acompañadas por las voces de Mercedes, Ermitas, Herminia y Lola. Hicieron gala de un repertorio de lo más tradicional e incluso se permitieron el lujo de versionar y adaptar al municipio la mítica "Camarifas", que sonó tal que así: "Ao pasar por Vilarello, por Vilarello, pasei cantando. As nenas de Vilarello, quedan no río, quedan lavando". ¡Ahí queda eso!